



Santiago, 26 de agosto de 2021

Benqueridas familias,

Informámosvos que no BOE do día 2 de Agosto de 2021, <https://www.boe.es/boe/dias/2021/08/02/pdfs/BOE-B-2021-34666.pdf>, saíu a convocatoria de bolsas de carácter xeral para o curso académico 2021-22, para os **alumnos con necesidades específicas de apoio educativo** e que segundo o Real Decreto 471/2021, de 30 de xuño, <https://www.boe.es/boe/dias/2021/06/30/pdfs/BOE-A-2021-10823.pdf>, establécense os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías de bolsas e axudas ao estudo para o devandito curso.

O prazo de presentación de solicitudes é o seguinte:

- **Inicio:** 03 de agosto de 2021
- **Fin:** 30 de setembro de 2021

Forma de presentación:

A solicitude farase **on-line** a través da páxina web do Ministerio, <https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=1554>

Poderase acceder coa **cl@ve PIN** ou co **DNI** do alumno e unha contrasinal que previamente terá que rexistrarse para obter dita contrasinal.

Unha vez cuberta imprimírase e entregárase na secretaría do Centro como último día o de fin de prazo de solicitudes e é imprescindible o seguinte:

- Asinar para autorizar á Axencia Tributaria a facilitar os datos económicos.
 - Que todos os membros da familia maiores de idade asinen.
- a) En todos os casos entregar:
- Fotocopia dos DNIs de todos os membros da unidade familiar.
 - Documentación da Entidade Bancaria cos datos identificativos da conta na que **OBRIGATORIAMENTE** debe figurar o alumno
- b) En caso de circunstancias que dan dereito a dedución da renda,
- Fotocopia do carné de familia numerosa
 - Certificado de discapacidade...

No caso de propoñer axuda de transporte e comedor debe de vir acompañada dunha certificación de uso e coste que se solicitará na secretaría do Centro.

Un cordial saúdo,

A DIRECCIÓN